

Harriet Quimby

1875 - 1912



Foto: Cortesía de San Diego Air & Space Museum Archives a través do Proxecto Galería de The Library of Congress en Flickr.com

Antes remabamos; agora, queremos dicir en que dirección.

Jóhanna Sigurdardóttir, Presidenta de Islandia

Xornalista, fotógrafa, crítica de teatro, guionista de sete películas de D. WW. Griffith, foi a primeira norteamericana en obter unha licenza de voo (1911).

En 1912 conseguiu ser a primeira muller en cruzar voando a Canle da Mancha, aínda que este éxito tivo pouca repercusión mediática por coincidir co afundimento do Titanic.

Cando se cumpren 100 anos deste logro, o comité "Centenario de Harriet Quimby" loita por lle erixir un monumento en Dover (Inglaterra), cerca do de Louis Bleriot, primeiro home en voar sobre a Canle da Mancha dous anos antes.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
			1 1692 Comeza o famoso xuízo ás bruxas de Salem.	2 1816 Juana Azurduy de Padilla, heroína boliviana, derrota ás tropas españolas.	3 1880 Nace María Barbeito na Coruña. Pedagoga, socióloga, educadora e escritora.	4 1744 Nace Marianne Mûnez, cantante e virtuosa pianista. Académica de Música de Bolonia.
5 1703 Fallece Gabrielle Suchon, filósofa francesa. "Tratado da moral e da política".	6 1994 Morre Melina Mercuri, actriz e política grega. Ministra de cultura en 1981.	7 1920 Julieta Lanteri preséntase polo Partido Feminista Nacional na Arxentina.	8 ♀ DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES	9 1888 Nace Enriqueta García Infanzón, "Eugenia Astur", escritora Asturiana.	10 "A solidariedade debe unir a todas as mulleres, desde a señora até a obreira". M ^a Vinyals	11 1881 Nace Gloria Terner. As súas obras figuran no Museo Español de Arte Contemporáneo.
12 1945 Morte de Ana Frank, asasinada polos nazis en Auschwitz.	13 1900 As Cortes Españolas aproban a lei que regula o traballo de mulleres e crianzas.	14 1884 Nace Matilde de la Torre, elixida en 1933 e 1936 deputada polo PS.	15 Nieves G ^a Benito e outras persoas, loitan contra a morte no Estreito de Xibraltar.	16 1940 Pasamento de Selma Lagerlof, 1 ^a muller Premio Nobel de Literatura.	17 1956 Morre Irene Joliot-Curie. Premio Nobel de Química.	18 1996 Morre Nini Marshall, actriz cómica arxentina.
19 1954 C. Eufemia, loitou polos dereitos das mulleres e dos Sen Terra do Brasil.	20 1981 Vén de publicarse A SAIA revista do Colectivo Independente Galego.	21 1982 Encadéanse 150 mulleres na base aérea inglesa de Greenham Common.	22 1995 O MEC diferencia o uso de masculino e feminino nos títulos oficiais.	23 1882 Nace Emmy Noether. Matemática. Teoría de Anéis. Teorema de Noether.	24 1908 Emmeline Pankhurst, sufragista británica, esixe o dereito ao voto feminino.	25 1942 Nace Aretha Franklin, cantante.
26 1930 Nace Sandra Day O'Connor, 1 ^a muller xuíza na Corte Suprema estadounidense.	27 1905 Nace Carlota O'Neill, escritora republicana. "Unha muller na guerra de España".	28 1515 Nace en Ávila Teresa de Xesús, mística e escritora. Reformou a Orde do Carmelo.	29 A Victoria Sau, por enriquecer o pensamento e a solidariedade feministas.	30 1900 Nace María Moliner, lingüista do Dicionario da L. Española que leva o seu nome.	31 1908 Nace María Dolores Pérez Enciso, mestra, escritora e xornalista exiliada.	

MARZO

Mulleres Que Tocaron O Ceo
Tempo de mulleres, Mulleres no tempo 2012

